

**NOTAS SOBRE OS MACROMICETOS DE CULTIVOS BAIXO ABRIGO OU  
PROTEXIDOS EN GALICIA (NW DA PENÍNSULA IBÉRICA) (I)**

por

**J.B. BLANCO-DIOS\***

BLANCO-DIOS, J.B. 2007. Notas sobre os macromicetos de cultivos baixo abrigo ou protexidos en Galicia (NW da Península Ibérica) (I). *Mykes* 10: 9-14.

**Resumo**

Realízase unha revisión bibliográfica encol dos macromicetos citados en cultivos baixo abrigo ou protexidos en Galicia (NW da Península Ibérica) e apórtanse como novidades para a área de estudo *Clitopilus passeckerianus* e *Gerronema marchantiae*.

**Palabras clave:** *Basidiomycota*, *Ascomycota*, macromicetos, Galicia, NW Península Ibérica, coroloxía.

BLANCO-DIOS, J.B. 2007. Notes on some macromycetes found in sheltered areas in Galicia (NW Iberian Peninsula) (I). *Mykes* 10: 9-14.

**Summary**

A bibliographical review is presented in relation to the macromycetes found in sheltered area in Galicia (NW of the Iberian Peninsula). *Clitopilus passeckerianus* and *Gerronema marchantiae* are new for the area of study.

**Key words:** *Basidiomycota*, *Ascomycota*, macromycetes, Galicia, NW Iberian Peninsula, chorology.

**INTRODUCCIÓN**

Os macromicetos de cultivos protexidos (invernadoiros, tuneis de sombreo, xardiñeiras e tarros no interior de edificios, etc.) están escasamente estudados en Galicia. Neste artigo preséntase unha revisión bibliográfica dos taxóns citados ata o de agora que viven nestes medios e apórtanse como novidades para a área de estudo dúas especies *Clitopilus passeckerianus* (Pilát) Singer e *Gerronema marchantiae* Singer et Cléménçon, que, segundo a bibliografía consultada, no primeiro caso trátase dun taxón habitualmente asociado a substratos de cultivos baixo abrigo e, no segundo, a talos vivos ou mortos

---

\* R/ Fernando II, nº 6, 1º Esq.E-36003-Pontevedra. email: [jblanco@infobrion.com](mailto:jblanco@infobrion.com).  
Membro do Grupo Micolóxico Galego Luís Freire.

da hepática *Marchantia polymorpha*, polo que pode aparecer tanto ó aire libre como en cultivos protexidos.

### METODOLOXÍA

○ estudo macroscópico dos taxóns descritos fíxose a partires das anotacións e imaxes fotográficas efectuadas sobre exemplares frescos.

○ estudo microscópico efectuouse utilizando solucións de vermello congo en auga ó 1% e reactivo de Melzer.

Para o estudo taxonómico empregáronse tanto obras de carácter xeral (BREITENBACH et KRANZLIN, 1991; COURTECUISE, 2005; MOSER, 1980), como traballos monográficos (BON, 1997; NOORDELOOS, 1993; SINGER, 1978).

○ material estudado neste artigo encóntrase depositado no herbario LOU-Fungi (Centro de Investigacións Ambientais de Lourizán, Pontevedra, España).

### CATÁLOGO DE TAXÓNS

Con respecto á revisión bibliográfica, somentes conseguimos recopilar mención dun total de 10 taxóns (a metade deles pertencentes ó xénero *Leucocoprinus*), e que presentamos ordeados alfabeticamente:

**-*Agaricus bisporus*** (J.E. Lange) Imbach var. ***bisporus***: “Adoufe, en interior de invernadeiro” (CASTRO et FREIRE, 1989).

**-*Agaricus cupreobrunneus*** (J.Schäff. et Steer ex F.H.Möller) Pilát “Pontevedra: Pontevedra: Salcedo, Iglesia, 29TNG2995, en invernadeiro, 24-IX-1992, 11-X-1992, E.Castro et J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9128” (BLANCO-DIOS, 1998b).

**-*Chlorophyllum brunneum*** (Farl. et Burt) Vellinga: “Lugo: Escuela de Ingeniería Técnica Agrícola, en invernadero” (sub *Macrolepiota rhacodes* (Vittad.) Singer var. *bohemica* (Wichansky) Bellú et Lanzoni) (BLANCO-DIOS, 1995); “Pontevedra: Lourizán, en invernadero, 2-XI-1990, LOU-Fungi 2080” (JUSTO et CASTRO, 2004).

**-*Leucocoprinus birnbaumii*** (Corda) Singer: “ESP, Pontevedra: Pontevedra, Lourizán, 29TNG2795, en mesa de propagación de especies ornamentales, 3-VIII-1992, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9124” (BLANCO-DIOS, 1998a); “Cee, setembro 2002, sobre la tierra de una maceta con planta ornamental” (MARCOTE et al., 2003); “A CORUÑA: Santiago de Compostela, A Barcia, 29TNH3347, nunha maceta con plantas ornamentais de interior, 26-VI-2004, J.Rodríguez, LOU-Fungi 16865. 2ª cita provincial” (RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ et CASTRO, 2006).

-**Leucocoprinus cretatus** Locq. ex Lanzoni: "en invernadeiro" (DAPENA, 1987).

-**Leucocoprinus cygneus** (J.E.Lange) Bon: "ESP,A Coruña: Santiago, 29TNH34, maceta de *Aspidistra elatior*, 24-VI-1983, M.Castro, LOU-Fungi 4581; Lugo. Lugo, Segade, terra de maceta, 29TPH1463, 15-VII-1988, M.Castro, LOU-Fungi 4332" (JUSTO et CASTRO, 2002).

-**Leucocoprinus ianthinus** (Cooke) Locq. var. **subglobisporus** (D.A.Reid) Blanco-Dios: "Pontevedra: Pontevedra, 29TNG2997, en maceta con plantas ornamentales (*Dracaena marginata*, *Pilea alumi*, *Dieffenbachia picta*, *Glechoma hederacea* 'Variegata'), 28-agosto-1999, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 15264; ibídem, 3-septiembre-1999, LOU-Fungi 15265; ibídem, 18-septiembre-1999, LOU-Fungi 15266" (BLANCO-DIOS, 2001, sub *Leucocoprinus lilacinogranulosus* (Henn.) Locq. var. *subglobisporus* Reid; CASTRO et BLANCO-DIOS, 2007).

-**Leucocoprinus straminellus** (Bagl.) Narducci et Caroti: "ESP, Pontevedra: Caldas de Reis, 29TNH2917, en maceta con *Cordyline sp.*, 8-VII-1997, J.Gómez, LOU-Fungi 9280" (BLANCO-DIOS, 1998a, sub *Leucocoprinus denudatus* (Rabh.) Sing.).

-**Melanophyllum haematospermum** (Bull.: Fr.) Kreisel: "ESP, Pontevedra: Pontevedra, Lourizán, 29TNG2795, en mesa de propagación de especies ornamentales, 3-VIII-1992, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 9125" (BLANCO-DIOS, 1998a).

-**Peziza natrophila** A.Z.M.Khan: "Hs, PONTEVEDRA:Vigo, As Lagoas-Marcosende, 29TNG2768, invernadero, 4-VII-1995, A.Sánchez et M.Castro, LOU-Fungi 8789". (CASTRO et al., 1997).

Como podemos observar, Pontevedra é a provincia con maior número de localidades citadas (7), seguida de A Coruña e Lugo con 4 e 3 mencións respectivamente, mentres que da provincia de Ourense non coñecemos ningunha cita.

A este catálogo de especies, aportamos como novidades os dous taxóns que describimos de seguido:

**Clitopilus passeckerianus** (Pilát) Singer, *Farlowia* 2: 560. 1946

*Material estudado:* ESPAÑA, Pontevedra: Pontevedra, Lourizán, 29TNG2795, 70 m, en invernadeiro, en macetas con sustrato mestura de palla e virutas de carballo onde se cultivou *Pleurotus ostreatus* e que foi reutilizado para cultivar plantóns de *Castanea x*, I-X-2002, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 19415.



Fig. 1.- *Clitopilus passeckerianus* (LOU-Fungi 19415)

**Descripción:** píleo de 5-25 mm de diámetro, branco níveo, forma entre flabeliforme e espatulada, coa marxe ondulada; cutícula fibrilosa-algodonosa, ó tacto tomentosa. Láminas adnatas ou lixeiramente decurrentes, entre abrancazadas e cremosas cando son xoves, e entre ocre e rosa pálido nos exemplares adultos. Estipe ausente, pero presenza de abondosos rizomorfos brancos. Olor agradable, semellante ó de *Pleurotus ostreatus*.

Esporas 7-8,5 x 4-5,5 mm, Q=1,5-2, entre elipsoidais e oblongas, rosadas en masa, hialinas, lisas, non amiloides, con 6-8 costelas ben definidas. Basidios 30-40 x 10-12 mm, tetraspóricos, con fíbulas. Cistidios non observados. Pileipelis formada por un cutis de hifas estreitas, fibuladas, de 2,5-4 mm de ancho.

**Observacións:** trátase dunha especie que adoita aparecer en cultivos de cogomelos, pero tamén se encontra ó aire libre en hábitats peculiares como montóns de papel podre ou ata sobre cascas de ovos (NOORDELOOS, 1993). Por outra banda, cómpre reseñar as pequenas diferenzas tanto macro como microscópicas existentes entre as especies da sección *Pleurotelloides* Singer na que está encadrado tanto este taxón como, por exemplo, *Clitopilus daamsii* Noordel., *C. fasciculatus* Noordel., *C. hobsonii* (Berk.) P.D.Orton ou *C. rhodophyllus* (Bres.) Singer, polo que cremos sería importante a realización de estudos moleculares para verificar a validez destes taxóns.

***Gerronema marchantiae*** Singer et Cléménçon, *Schweiz. Z. Pilzk.* 49: 118. 1971  
=*Gerronema daamsii* Marxmüller et Cléménçon in Cléménçon, *Z. Mykol.* 48(2): 226. 1982

**Material estudado:** ESPAÑA, A Coruña: Bergondo, Guísamo, 29TNH5895, 60 m, en túnel de sombreo, en maceta con *Buxus sempervirens*, sobre talos vivos ou mortos de *Marchantia polymorpha*, 11-V-2006, J.B.Blanco-Dios, LOU-Fungi 19416.

**Descripción:** píleo de 1,5-4,5 mm de diámetro, ó principio globoso, despois convexo e, finalmente, aplanado, superficie brillante, pruinosa, lisa, entre laranxa e alaranxado pálido no centro, entre ocre e alaranxado esvaído no resto, salvo a marxe abrancazada, ondulada, crenulada, estriada e lixeiramente exce-

dente. Láminas amarelas, abrancazadas na arista, anchas, bastante prietas, fundamentalmente decurrentes, algunhas bifurcadas. Estipe de 3,5-18 x 0,7-0,8 mm, cilíndrico, curvado, lixeiramente engrosado na base, oco; superficie lisa, brillante, pruinosa, con pelos erectos que cubren densamente a metade inferior e aparecen espallados na metade superior; cor entre abrancazada, grisácea e alaranxada pálida. Carne alaranxada pálida, delgada, inodora, insípida.

Esporas (6)7-11 x (4,5)5-6,5 mm; Q=1,4-1,9, entre elipsoidais e oblongas, lisas, hialinas, brancas en masa. Basidios 35-50 x 8-12 mm, cilíndricos, claviformes, con (2)4 esterigmas, sin fíbulas. Non se observaron cistidios. Pileipelis formada por hifas paralelas, sin fíbulas, algo enredadas; de 3-8 mm de ancho. Pelos caulinares espallados, cilíndricos, de 25-50 x 3-9 mm.

*Observacións:* estamos de acordo con SENN-IRLET (1986) en que non parece haber razóns suficientes para considerar *Gerronema daamsii* unha especie distinta de *G. marchantiae*, sendo este último o *binomen* prioritario.

#### BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO-DIOS, J.B. 1995. Aportación al estudio micológico del término municipal de Lugo (II). *Belarra*. 12: 105-111.
- BLANCO-DIOS, J.B. 1998a. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 6420-6433. *Anales Jard. Bot. Madrid* 56(1): 129-130.
- BLANCO-DIOS, J.B. 1998b. Aportacións ó coñecemento do xénero *Agaricus* L.: Fr. no noroeste da Península Ibérica (I). *Mykes* 1: 61-66.
- BLANCO-DIOS, J.B. 2001. Estudios sobre o xénero *Leucocoprinus* Pat. na Península Ibérica. (I.) *Leucocoprinus lilacinogranulosus* (Henn.) Locq. var. *subglobisporus* Reid. *Mykes* 4: 13-16.
- BON, M. 1997. Les clitocybes, omphales et ressemblants. *Tricholomataceae* (2). *Clitocyboideae*. *Doc. Mycol. Mémoire hors série* 4: 1-181.
- BREINTENBACH, J. et KRÄNZLIN, F. 1991. *Champignons de Suisse. Tome III. Champignons sans lames Bolets et champignons à lames, 1ère partie*. Ed. Mykologia. Lucerne.
- CASTRO, M.L. et BLANCO-DIOS, J.B. 2007. Algunos basidiomicetos raros o interesantes de la Península Ibérica. *Funghi Non Delineati*, 37. Ed. Candusso. Alassio, Italia (en prensa).
- CASTRO, M.L. et FREIRE, L. 1989. Nuevas aportaciones al género *Agaricus* L.: Fr. en Galicia. *Braña, Monogr.* 1: 87-92.
- CASTRO, M.L. SOLIÑO, A. et FREIRE, L. 1997. Fragmenta chorologica occidentalia, Fungi, 6128-6160. *Anales Jard. Bot. Madrid* 55(2): 445-446.
- COURTECUISSE, R. et DUHEM, B. 2005. *Guía de los hongos de la Península Ibérica, Europa y Norte de África*. Ed. Omega.

- DAPENA, L. 1987. Noticia de catro especies do xénero *Lepiota*. *Tarrelas* 5: 44-45.
- JUSTO, A. et CASTRO, M.L. 2002. Revisión da Micoteca LOU-Fungi: novas aportacións ó catálogo macromicolóxico galego. *Mykes* 5: 21-26.
- JUSTO, A. et CASTRO, M.L. 2004. Revisión dos xéneros *Macrolepiota* e *Chlorophyllum* (*Agaricaceae*, *Basidiomycota*) en Galicia. *Mykes* 7: 45-58.
- MARCOTE, J.M.C., POSE, M. et TRABA, J.M. 2003. *Setas de Galicia*. Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural. Xunta de Galicia.
- MOSER, M.M. 1980. *Guida alla determinazione dei funghi*. Vol. I. *Polyporales*, *Boletales*, *Agaricales*, *Russulales*. Arti Grafiche Saturnia. Trento.
- NOORDELOOS, M.E. 1993. Studies in *Clitopilus* (*Basidiomycetes*, *Agaricales*) in Europe. *Persoonia* 15(2): 241-248.
- RODRÍGUEZ-VÁZQUEZ, J. et CASTRO, M.L. 2006. Algunhas novidades corolóxicas de macromicetos recolectados en Galicia (N.O. da Península Ibérica) (II). *Mykes* 9: 93-99.
- SENN-IRLET, B. 1986. *Ökologie, Soziologie und Taxonomie alpiner Makromyceten*. Dissertation der Universität Bern.
- SINGER, R. 1978. Keys for the identification of the species of *Agaricales* II. *Sydowia* 31: 193-237.